



## Concello de Campo Lameiro

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE 1 TRABALLADOR/A, PARA O “SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS, VIAS E OBRAS”, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2020**

### PRIMEIRA.- OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, mediante contrato de duración determinada de interese social, de **1 traballador/a**, para realizar **SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS, VIAS E OBRAS**”, ao abeiro do Plan Concellos 2020 - Liña 3.- Emprego para a Conservación e o Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, publicado no Boletín oficial de Pontevedra de data 02/01/20, así como a creación dunha bolsa de traballo a fin de cubrir de xeito rápido e áxil devanditas prazas cando estas puidesen quedar vacantes temporalmente a consecuencia de baixas por enfermidade, maternidade.....:

### 2.- DURACIÓN DO CONTRATO

As contratacións realizaranse a xornada parcial de 35 horas semanais, e na modalidade de contrato de obra ou servizo determinado de interese xeral e social, e **o horario será determinado en función das necesidades do servizo.**

Os postos de traballo a cubrir, a duración dos contratos así como as tarefas a realizar polo persoal seleccionado son os que se indican a continuación:

Posto:	Albanel
Numero de Postos	1
Duración do contrato:	4 meses
Xornada:	35 horas semanais
Tarefas:	<p>Tarefas de albanelería, pintura, fontanería, electricidade.</p> <p>Tarefas de mantemento dos edificios municipais, conservación das infraestruturas, as pequenas reparacións, limpeza das instalacións municipais, limpeza e recollida de lixo, alumeadado público, abastecemento de auga e saneamento.</p> <p>Intervencións nos múltiples actos destinados o desenvolvemento cultural e festivo do municipio, colaboración en preparación de eventos e feiras, montaxe de carpas, así como a colocación dos anuncios e bandos municipais coa información necesaria en distintos espazos do concello; instalación de sinalización e panelería nos puntos de información, etc.</p> <p>Manexo de maquinaria</p> <p>Outras labores relacionadas co Servizo, e en xeral labores de apoio os servizos operativos do concello.</p>





## Concello de Campo Lameiro

---

**As retribucións brutas do posto serán 969,79.€.**

Segundo se establece na base oitava da convocatoria do citado Plan de obras e servizos, a Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, logo da correspondente oferta de emprego, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes. Así mesmo, dacordo ca citada base oitava, a oficina de emprego será a responsable de que os candidatos que envía cumpren co requisito de ser "persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego".

En todo caso a selección de traballadores/as realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de Emprego de Pontevedra-Bisbarra, recaendo no Concello a competencia para efectuar a selección entre estes.

### **TERCERIA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Para ser admitidas á realización da selección, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos xerais e específicos:

Requisitos xerais:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da lei 7/2007 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. En consecuencia non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo (Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a xordeira.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Os traballadores deberán ser **persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.**
- f) Ter sido preseleccionado pola oficina pública de emprego.
- g) Estar en posesión do carné de conducir B1
- h) Non ter sido contratado/a polo Concello de Campo Lameiro, máis de 12 meses, nos





## Concello de Campo Lameiro

últimos tres anos.

Requisitos específicos:

- a) Contar coa categoría profesional de oficial para o posto de Albanel (que se acreditará coa presentación dos contratos de traballo).

A posesión destes requisitos específicos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo, polo que non poderán ser obxecto de valoración posterior en ningunha das fases a desenvolver.

Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

### TERCEIRA.- SOLICITUDES

1.- As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego deberán presentarse no lugar e hora indicados na carta remitida pola oficina de emprego e achegar a seguinte documentación:

- Solicitud segundo o modelo Anexo I a estas bases, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Alcalde da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello.

Forma parte da solicitude a declaración xurada contida na mesma de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes. Esta declaración xurada enténdese sen prexuízo de ter que acreditálo tamén de xeito documental, no caso de que así o solicitase o Tribunal.

- Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios. (orixinal e copia para ser cotexada no rexistro do concello).
- Documento de afiliación á Seguridade Social (orixinal e copia para ser cotexada no rexistro do concello).
- Carnet de conducir
- Certificado de minusvalía
- Informe do médico de cabeceira conforme é apto/a e non padece enfermidade ou defecto que impida ou dificulte o desenvolvemento das funcións propias do posto ao que opta.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional previa nos postos aos que se opta (contratos de traballo)
- Curriculum Vitae actualizado

Para a baremación dos criterios sociais e persoais:

- Declaración xurada do nivel de rendas (Anexo II)





## Concello de Campo Lameiro

- Declaración xurada das responsabilidades familiares (Anexo III) xunto co Libro de familia.
- Declaración xurada acreditativa dos criterios sociais e persoais (Anexo IV) xunto con sentenza firme de vítimas de violencia de xénero e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou CIM, de ser o caso

En relación con estas declaracións xuradas, cómpre subliñar que os/as candidatos/as:

- Autorizan expresamente ao Tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nestas declaracións,
- Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información,
- Comprométense de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou o nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.
- No caso de que estes documentos non sexan cubertos, non se valorarán as circunstancias nelas contidas.

O requisito de ser persoa candidata remitida pola oficina de emprego de Pontevedra -Bisbarra será comprobado polo Concello de Campo Lameiro mediante listado de persoas candidatas para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningunha persoa que non figure no citado listado.

### CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente/a
- Vogal
- Vogal
- Secretario/a

O tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

### QUINTA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo, e estarán a disposición das persoas interesadas.

### SEXTA.- RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo sinalado para presentar as solicitudes, o Alcalde ditará Resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas na que se especifique, se é o caso, as causas da exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de un día natural, contado a partir do da publicación da listaxe provisional no taboleiro de anuncios do Concello, para poder emendar, se fora o caso, o defecto que motivou a exclusión.





## Concello de Campo Lameiro

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### SETIMA.-SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso -oposición.

Neste sistema procederase á valoración dos méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases. Así mesmo, realizaranse unha ou varias probas prácticas ós/ás candidatos/as relacionadas co posto a cubrir.

#### a) Fase de concurso

O proceso iniciarase coa valoración das circunstancias persoais dos candidatos/as establecidas nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2020 da Deputación provincial (BOP nº 1 do 028/01/2020) que será puntuadas cun máximo de 6 puntos

Estas circunstancias son por orde de preferencia:

- a) As vítimas de violencia de xénero
- b) Os/as candidatos/as maiores de 45 anos
- c) Os/as candidatos/as que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %
- d) Os/as candidatos/as que formen una familia monoparental con fillos/as ó seu cargo
- e) Os/as candidatos/as con niveis de renda máis baixa
- f) Os/as candidatos/as con cargas familiares

Para a xustificación das circunstancias o/a candidato/a deberá presentar polo Rexistro xeral do concello a seguinte documentación

- a) Vítimas de violencia de xénero: acreditarase mediante sentenza firme e/ou orde de protección, informe dos Servizos Sociais e/ou CIM, de ser o caso
- b) Persoas maiores de 45 anos: acreditarase co DNI
- c) Persoas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %; acreditarase co Certificado de minusvalía
- d) Familias monoparentais: acreditarase co libro de familia
- e) Nivel de rendas e cargas familiares: comprobarase mediante Declaración xurada presentada por cada candidato/a
- f) Existencia de cargas familiares, terán tal consideración todas as persoas integrantes da unidade de convivencia recollida na Declaración Xurada que presente cada candidato/a ao posto de traballo, que carezan de rendas, (entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, ou menores acollidos/as).

Estas circunstancias serán puntuados do seguinte xeito:





## Concello de Campo Lameiro

- Vítimas de violencia de xénero: 1,50 puntos.
- Persoas maiores de 45 anos: 1,25 puntos.
- Persoas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %: 1 punto
- Familias monoparentais: 1 punto.
- Nivel de rendas: tras computar todos os ingresos que consten na Declaración xurada oficial que presente cada candidato/a ao posto de traballo, e dividirse entre o numero de persoas que forman a unidade familiar en computo mensual, aplicarase o seguinte baremo calculado sobre o importe do Salario Mínimo Interprofesional en vigor,

INGRESOS MES MEMBRO UNIDADE CONVIVENCIA	PUNTOS
SEN INGRESOS	0,75
Ingresos iguais ou inferiores ao 75% do IPREM	0,25

- Cargas familiares : máximo 0.5 puntos.

1 fillo ..... 0,10 pto

2 fillos ..... 0,25 pto

3 fillos ..... 0,50 pto

Puntuación máxima TOTAL: 6

### b) Fase de oposición

1. A fase de oposición constará de un (1) proba práctica e unha proba oral

a) PROBA PRÁCTICA. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica que avaliará os coñecementos e habilidades propias do posto a desenvolver.

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación de dous con cinco (2.5) puntos terán a consideración de non aptos/as e quedarán excluídos do resto do proceso selectivo.

A data e lugar da realización das probas será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

2. As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a realización das probas. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será a alfabética e o Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

3. Finalizado exercicio, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes coas puntuacións





## Concello de Campo Lameiro

obtidas e os/as declarados/as non aptos/as a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

**b) Proba oral** que consistirá nunha Entrevista curricular persoal.

O tribunal dirixirá aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos persoais/profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade do/a candidato/a ao posto de traballo.

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación de dous con cinco (2.5) puntos terán a consideración de non aptos/as e quedarán excluídos do proceso selectivo.

### **OITAVA. CUALIFICACIÓNS FINAIS, PROPOSTA DO TRIBUNAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Concluídas as probas, o tribunal fará pública, no tablón de anuncios, a relación de aspirantes que a superasen, indicando a puntuación obtida. Os/ás aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de "non aptos".

Os aspirantes disporán de un día natural dende a súa publicación para poder presentar as alegacións que xulguen convenientes para a defensa dos seus intereses. Será o tribunal cualificador quen resolva as alegacións presentadas.

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Os aspirantes propostos para a súa contratación laboral temporal mediante Contrato de duración determinada de interese social, deberán presentar a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base segunda desta convocatoria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

### **NOVENA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO OU LISTA DE RESERVA**

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, ..., ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa,

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:





## Concello de Campo Lameiro

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima ata o 31 de decembro 2020.

### INCIDENCIAS E PROTECCIÓN DE DATOS

O tribunal de cada proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes, para os distintos actos de trámite que se deriven do proceso selectivo e que conteñan datos de carácter persoal, coa sinatura da súa solicitude de participación, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao seu tratamento para o desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, con sede na Praza da Provincia de Pontevedra nº 1. 36110 CAMPO LAMEIRO, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

### RÉXIME XURÍDICO.-

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

No non previsto nas Bases, aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, a lei 7/2007 de 12 de Abril, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.

### DISPOSICIÓN FINAL.-

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como pola Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.







## Concello de Campo Lameiro

---

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

